



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE JUSTICIA E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO Á PROFESIÓN DE AVOGADO E PROCURADOR NA LINGUA COOFICIAL

Esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Antecedentes: O artigo 3 da Constitución Española establece que o castelán é a lingua Oficial do Estado, que todos os españois teñen o dereito e o deber de coñecer e usar. Así mesmo, no apartado segundo establécese “que as demais linguas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos”. Segundo isto, o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia reconece o carácter oficial das súas linguas, galego e castelán, de modo que o cidadán ten o dereito de coñecer e usar ámbalas dúas.

Finalidade: Considérase necesario instrumentalizar un mecanismo que asegure a realización da proba de acceso ás profesións de Avogado e Procurador nas linguas cooficiais, e ao tempo, asegurar o respecto a principios esenciais, inherentes á devandita avaliación: que a proba teña carácter único e idéntico para todo o territorio español, a confidencialidade do contido do exame durante todo o proceso, así como a calidade da tradución.

O convenio que se pretende asinar ten por finalidade promover que a proba de acceso ao exercicio das profesións de avogado e procurador poida facerse, indistintamente, en castelán ou en galego, en función da libre decisión do aspirante.

Para iso, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprométese a:





- Garantir que os servizos de tradución dependentes da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia. Administracións Públicas e Xustiza se desprace á sede do Ministerio de Justicia para realizar a tradución da proba ao galego, gardando a debida confidencialidade do contido da devandita proba.
- Asumir o custo económico relacionado coa tradución ao galego, incluído o que se derive do desprazamento do persoal á sede do Ministerio polo tempo que sexa necesario para proceder á realización da tradución do exercicio.

Pola súa banda, o Ministerio de Justicia comprométese a proporcionar o material informático e as instalacións necesarias para a realización da tradución na súa sede, así como a incorporación das plantillas, unha vez traducidas, para que estean a disposición dos aspirantes da Comunidade Autónoma de Galicia, o día da realización da proba de acceso.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- O Estado ten competencia exclusiva en materia de Administración de Xustiza de acordo co artigo 149 1.5ª da Constitución Española. Ademais, a regulación do réxime de acceso á profesión de avogado e de procurador en España é unha esixencia derivada dos artigos 17.3 e 24 da Constitución: estes profesionais son colaboradores fundamentais na impartición de xustiza, e a calidade do servizo que prestan redunda directamente na tutela xudicial efectiva que a nosa Constitución garante á cidadanía.
- Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade fronte ao narcotráfico e delitos conexos.
- As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito Privado, ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e mais no Acordo do





Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Financiamento: O convenio que se pretende asinar non comporta gasto ningún para as partes asinantes, inseríndose as obrigacións das partes no desenvolvemento ordinario das competencias propias. Cada unha das partes asinantes do presente convenio asumirá o custo das actuacións que deba realizar de conformidade co clausulado do mesmo e consonte as súas respectivas normas de xestión económica.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

